

Programa Marco

Municipais 2015

Proposta aberta



anova

IRMANDADE NACIONALISTA



Programa Marco aberto de Anova-IN para as Eleccións Municipais 2015

Estes eixes éticos e programáticos foron aprobados na II Conferencia Política Municipal de Anova celebrada no Verbum de Vigo, o 24 de xaneiro de 2015. Trátase duns eixes básicos, de carácter aberto, que sirvan como base para a elaboración de programas de goberno específicos para os diferentes concellos galegos.

Edita: Anova-Irmandade Nacionalista, 2015
Maquetación: Comunicación Anova-IN



Creative Commons: Recoñecemento - NonComercial - SenObraDerivada (by-nc-nd)
Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin a xeración de obras derivadas.
Descrición da licenza: <http://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/3.0/deed.gl>

ÍNDICE

Código ético

- n Contextualización
- n Enfoque
- n Representación política, fiscalización, auditoría cidadá e mellora continua
- n Transparencia, contas claras e finanzas éticas
- n Reapropiación colectiva e popular do poder municipal

Bloques programáticos

- n Xustiza social
- n Acción feminista
- n Servizos Sociais
- n Sustentabilidade
- n Lingua e cultura
- n Mocidade



Código ético

Un xeito de gobernar

- n Contextualización
- n Enfoque
- n Representación política, fiscalización, auditoría cidadá e mellora continua
- n Transparencia, contas claras e finanzas éticas
- n Reapropiación colectiva e popular do poder municipal

Contextualización

Durante os meses anteriores, Anova-IN avanzou un posicionamento, tanto en organismos de representación como na I Conferencia Nacional sobre as municipais do 2015, na que está sintetizada a nosa defensa da autoorganización popular e a nosa creanza na unidade de acción entre as forzas políticas e sociais para afrontar as vindeiras eleccións municipais.

Anova ve nas eleccións municipais unha oportunidade para comezar a abrir un proceso constituínte galego, no que o Pobo se configure como suxeito soberano con capacidade para decidir sobre todos os aspectos sen exclusión. Este proceso só será efectivo mediante a loita común pola creba democrática co réxime do 78 e a democracia real nos diferentes pobos e nacións do estado.

Enfoque

O presente documento pretende establecer as bases e medidas de democratización política, así como as prácticas e os espazos de decisión, baixo o principio e o compromiso de devolver aos espazos populares, moitos deles porén por construír, a capacidade intransferible de debater e decidir sobre o lugar no que queren vivir e todo aquilo que afecta as condicións de vida nas nosas parroquias e/ou barrios.

É obxectivo de Anova-Irmandade Nacionalista poñer fin a un réxime político fundamentado na delegación da actividade política nunhas elites profesionalizadas que nos privan do exercicio cotián da soberanía popular.

Representación política, fiscalización, auditoría cidadá e mellora continua

- I. Defender o establecido no programa político da candidatura e actuar como representantes do pobo, coa obriga de respectar as decisións tomadas nos mecanismos democráticos establecidos –e abertos a toda a poboación– que a candidatura fixe, promovendo a corresponsabilidade política de todos e todas.

- II. Unha das principais funcións dos membros electos será a de impulsar, facilitar e practicar un retorno, devolución ou transferencia do poder de decisión ás bases e a veciñanza, para así gobernar obedecendo os mandatos populares concretos e directos.
- III. O cargos electos e de libre designación da candidatura asumirán e compartirán o seu sometemento aos procesos e espazos de participación e decisión acordados pola propia candidatura, que garantan a transparencia, a rendición de contas e a revogación (de darse o caso, por non cumprir os principios básicos).
- IV. Facer públicas as axendas dos representantes electos, visibilizando con quen se reúnen a cotío e os temas que tratan.
- V. Anova facilitará os ingresos, bens e rendementos patrimoniais dos seus representantes públicos, así como aqueles datos precisos para a detección de posibles conflitos de intereses e para a elaboración de auditorías cidadás. Este compromiso deberá estenderse aos catro anos seguintes á súa saída da función pública.
- VI. Publicar os criterios de contratación dos cargos de libre designación.
- VII. Dar conta das actuacións perante a cidadanía mediante instrumentos presenciais e as TICs. Establecer mecanismos asemblearios, democráticos e abertos aos ámbitos sectoriais ou xeográficos, cun especial interese no formato de división territorial galega, fomentando a unidade territorial de parroquias e comarcas.
- VIII. As candidaturas establecerán espazos asembleares de debate no nivel barrio/parroquia abertos a quen desexa participar. Nela participarán cargos electos e será onde renderán contas e se establecerán liñas a seguir. Serán convocadas cunha periodicidade mínima de 4-6 meses.
- IX. Dexeito similar habilitaranse espazos asembleares no nivel municipal coas mesmas funcións. Serán convocadas con carácter trimestral.
- X. Todos os cargos públicos electos terán a obriga de asistir a estes espazos asemblearios na medida que a súa axenda institucional lle permita, facendo un especial esforzo por estar presentes. Tomaranse actas de acordos e favorecerase que o debate se centre en torno ás problemáticas de zona.
- XI. Os cargos públicos establecerán un especial compromiso coas loitas e reivindicacións sociais, participando das súas asembleas e xuntanzas.
- XII. Establecerase periodicamente xuntanzas cos diferentes colectivos, nos cales se recollerán demandas concretas e propostas de intervención nos diferentes ámbitos. A dilatación destas xuntanzas e acordos deberá ser fundamentada por escrito por parte dos cargos públicos.
- XIII. Estableceranse mecanismos e dispositivos colexiados para xestionar as posibles dificultades e contradicións entre os diferentes espazos.
- XIV. Utilización, difusión e creación de software informático de código aberto.
- XV. Aceptar a censura, e no seu caso a revogación, de concelleiras/os e cargos de libre designación por mala xestión ou incumprimento flagrante e non xustificadodo programa. Estableceranse os medios de garantía necesarios

para a avaliación da xestión das persoas con cargos públicos. Será a cidadanía quen teña o deber de participar e controlar a labor destes.

- XVI. Non acceder, nos seguintes 5 anos á función pública, a cargos de responsabilidade en empresas creadas, reguladas, supervisadas ou beneficiarias dun contrato municipal.
- XVII. Manter contacto habitual con colectivos en situación de vulnerabilidade e ter presente á hora de toma de decisión os informes das persoas da administración que traballen con estes colectivos. Atender e dar respostas ás súas propostas, téndoos presentes á hora de tomar decisión que afecten ao seu ámbito de actuación. Anova cederá, na medida do posíbel, os seus espazos físicos así como os seus bens materiais á utilización por parte deste tipo de colectivos.
- XVIII. Garantir a participación cidadá na toma de decisión relevantes e no posicionamento político da candidatura sobre temas estratéxicos e proxectos de impacto social, ambiental ou urbanístico da cidade, barrios ou parroquias.
- XIX. As persoas electas comprométense a impulsar e apoiar as iniciativas cidadás propostas a través do marco legal vixente.

Transparencia, contas claras e finanzas éticas

Os representantes electos de Anova-Irmandade Nacionalista comprométense a:

- I. Ser transparentes na súa xestión, publicando desagregados todos os datos referentes aos ingresos e gastos, que xestionarán de xeito social e solidario.
- II. Todos os cargos electos e de libre designación dos grupos municipais comprometeranse a facilitar publicamente todos os datos que este ao seu alcance, ou teña forma legal de conseguir, para a elaboración de auditorías cidadás.
- III. Dexeito periódico faranse públicos de xeito desagregado todos os gastos que xere o grupo municipal e os seus cargos electos ou de libre designación.
- IV. Poñer un tope máximo ás doazóns privadas.
- V. A renuncia explícita dos créditos bancarios e as doazóns de particulares que podan coartar a independencia política das candidaturas nas que vaian inseridos. As candidaturas terán un compromiso explícito de traballar coas institucións de banca ética para garantir a súa independencia e a coherencia co seu programa.
- VI. Os representantes electos así como o persoal de libre designación, como mínimo durante a duración do mandato, cobrarán as súas retribucións mediante contas en entidades de banca ética.
- VII. A candidatura fará pública a declaración de ingresos persoais, de bens e rendemento patrimonial dos cargos electos e de libre designación cada verán despois da campaña do IRPF.

- VIII. Todo gasto público que implique custes de contratación externa a actividade relacionada co exercicio das funcións de representación será de provisión cooperativa, na medida das súas posibilidades, documentándose publicamente ditos gastos.
- IX. Non aceptar tratos de favor, denunciándose se se observan, en calquera forma e circunstancia á comisión ética e de garantías que se estableza. Renuncia e denuncia dos agasallos e/ou privilexios pagados con cartos públicos que poden ser ofertados pola súa condición e que podan significar un trato de favor. Tampouco aceptarán agasallos de persoas, entidades, institucións ou empresas de ámbito privado susceptíbeis de ser consideradas suborno, ou que teñan como obxectivo unha contraprestación ou cambio de posicionamento político para favorecer intereses máis ala do ente público. Se o ofrecemento se chega a producir, farase público e se tomarán as medidas legais correspondentes. Entendese como agasallo calquera doazón de diñeiro ou artigos de valor, prestación de favores, descontos e préstamos vantaxosos.
- X. Non aceptar, denunciare traballar e erradicar calquera vantaxe económica ou relacionada con bens, materiais ou servizos.
- XI. Farase público a non aceptación de obsequios ou ofrecemento de vantaxes. Os cargos públicos denunciarán todo ofrecemento sutil ou explícito.
- XII. Apostar claramente por unha limitación drástica do gasto na campaña electoral.
- XIII. Os gastos de campaña, provisión de bens materiais ou servizos, realizárase na medida do posíbel a través de economía cooperativa ou da propia autoxestión. No caso de non pode realizarse por falla de oferta ou razóns de forza maior, estas deberán ser debidamente documentadas publicamente.
- XIV. Fomentar o micromezenazgo finalista, destinado a accións e necesidades concretas.
- XV. Introducción de sancións administrativas e penais efectivas en caso de financiación irregular.
- XVI. A candidatura fará uso da financiación coherente con este código ético e os seus valores, realizando aportacións puntuais e finalistas encamiñadas a fornecer o tecido asociativo local, sen xerar dependencias nin clientelismo. Destinar os excedentes derivados dos ingresos institucionais integramente a promover a autorganización e o empoderamento popular, sen absorber os movementos dentro da dinámica institucional.
- XVII. Os gastos dos grupos municipais xestionaranse a través de economía cooperativa e xustificarse as razóns de cando non sexa posíbel.
- XVIII. Combater, mediante todas as ferramentas posíbeis, o lucro capitalista na provisión de bens e servizos, recuperando a provisión exestión directa dos servizos básicos e priorizando e potenciando a economía cooperativa no resto de provisións municipais.
- XIX. No caso de estar na oposición aos gobernos municipais, os representantes da candidatura asumirán o compromiso de impulsar prioritariamente

accións de reforma estrutural dos gastos e da contratación pública buscando a recooperativización da actividade económica e priorizando e facilitando o acceso de entidades de economía social en detrimento de empresas capitalistas de dúbidas prácticas fiscais, laborais e ambientais entre outras.

- XX. Facer un uso racional e transparente dos recursos públicos e denunciar o abuso ou práctica non ética que se detecten no exercicio das funcións institucionais de outros. Para evitar posíbeis incompatibilidades, actualizaranse cada ano a súa declaracións de bens e actividades económicas facéndose pública por parte da candidatura.
- XXI. Aceptarase ser financiada a mobilidade dos cargos públicos ou de libre designación sempre coa presentación de factura que o xustifique documentalmente o gasto. Priorizarase o uso de transporte público e/ou colectivo.

Reapropiación, colectiva e popular, do poder municipal

As persoas con cargos electos, xerentes ou de libre designación de Anova-Irmandade Nacionalista comprométense a:

- I. Non duplicar cargos en institucións, salvo naqueles vinculados a súa condición de concelleira/o.
- II. Non duplicar soldos, nin cobrar remuneracións extras por asistir a xuntanzas.
- III. Limitación de mandato a dúas lexislaturas, excepcionalmente prorrogábel sempre que se dea un proceso de discusión e validación cidadá.
- IV. Compromiso de renuncia ou cese de xeito inmediato de todos os cargos ante a imputación pola xudicatura en delitos relacionados coa corrupción, prevaricación con ánimo de lucro, tráfico de influencias, enriquecemento inxusto con recursos públicos ou privados, suborno, malversación e apropiación de fondos públicos, ben sexa por interese propio ou por favorecer a terceiras persoas. Así como tamén en casos de acusación xudicial por delitos de racismo, xenofobia, violencia de xénero, homofobia ou outros delitos contra os DDHH ou os dereitos das persoas traballadoras. De igual xeito se tratarán os casos de delito ou atentado contra a biosfera.
- V. Facer un bo traspaso da información e do coñecemento, seguindo un protocolo acordado no marco da candidatura.
- VI. A retribución dos cargos de representación irá vinculada a un criterio de representatividade social respecto das condicións materias da maioría da poboación e das clases populares, obtendo polo seu traballo un salario digno e suficiente.
- VII. Establecer un máximo de de tres veces o SMI como salario neto mensual. Entendendo que esta retribución garanta unhas condicións dignas para exercer as responsabilidades e funcións que supoñen o cargo asumido. O soldo poderá variar en función das responsabilidades. Será revisable cada

- ano. Encanto ao excedente o/a representante fará propostas mensuais ao seu órgano de base para facer as dacións que correspondan.
- VIII. Os cargos electos e os de libre designación poderán recibir compensacións económicas polos seus gastos de transporte público ou colectivo ocasionados a raíz da súa actividade pública, así como de alimentación e aloxamento e caso de xustificarse previamente dita necesidade.
- IX. As candidaturas de Anova-Irmandade Nacionalista comprométese a:
- X. Facilitar a conciliación entre vida laboral e política, establecendo mecanismos de apoio aos cargos públicos durante a súa reincorporación ao mundo laboral en caso de non atopar traballo.
- XI. Desenvolver mecanismos para entre a vida familiar e política.
- XII. Para garantir o traspaño e socializar coñecementos, os cargos políticos institucionais comprometeranse, entre outras cousas, a asesorar e transferir información a aquelas persoas que os sucedan un vez concluído o seu traballo institucional, non tendo retribución monetaria.

Fontes:

Este código ético foi redactado por [Anova-Irmandade Nacionalista](#) a partir de material escrito e debates internos sobre código ético e municipalismo. Para a redacción deste texto utilizáronse varios aportados polas compañeiras e compañeiros de:

- A Trobada Popular Municipalista, a partir de *este documento*
- As Candidaturas d'Unitat Popular, CUP
- Partido X, a partir de Obligaciones de gobiernos y ciudadanos
- Bildu
- Guanyem Barcelona
- [Marea de Vigo](#)
- [Marea de Pontevedra](#)
- [Marea Atlántica](#)

Bloques programáticos

Os seguintes puntos programáticos foron elaborados polos grupos de traballo de Anova-IN en colaboración con diferentes organizacións sociais e políticas. Representan as diferentes visións sobre o municipalismo, quer dende o ollar do feminismo, a sustentabilidade, a cultura, a lingua, a mocidade.

- n Xustiza social
- n Acción feminista
- n Servizos Sociais
- n Sustentabilidade
- n Lingua e cultura
- n Mocidade

Xustiza Social

Unha vida digna de ser vivida

Puntos Programáticos

Queremos concellos nos que a Xustiza Social sexa o eixo vertebrador na implementación das súas políticas. Isto implica levar a cabo accións encamiñadas á defensa dos dereitos sociais de todas as persoas, sen exclusión, e que traten de desenvolver as capacidades das persoas e dos colectivos agredidos por unha crise e un sistema que nos exclúe.

Partimos da firme convicción de que só a través da participación e do traballo dende e coas comunidades seremos quen de artellar respostas integrais que garantan a dignidade e a igualdade de oportunidades entre a cidadanía.

Precisamos que a institución municipal retorne á cidadanía: a casa do concello é a Casa do Pobo, sendo a súa obriga atender as demandas e as necesidades da maioría social; contribuír a crear unha sociedade inclusiva, xusta, democrática e respectuosa cos dereitos humanos.

O programa de ANOVA-IN, que ao longo deste meses deberá concretarse coas achegas da veciñanza dos concellos, desenvolverase arredor de tres principios:

- I. Asumir servizos esenciais para a comunidade, rompendo coa dinámica actual de deixadez de funcións.
- II. Municipalizar servizos básicos que nestes intres están en mans privadas.
- III. Socializar os recursos dispoñibles de forma transparente e responsable.

Estes principios concrétanse a través das seguintes medidas:

1. Aumento das partidas destinadas a gasto social como fórmula para axudar a paliar os efectos que a crise está a causar, con especial atención ás rendas de inclusión social e de emerxencia.
2. Dotar os centros de servizos sociais de referencia de recursos humanos e específicos para a acción comunitaria e a intervención social, con equipos de atención á infancia e á dependencia. Os centros de servizos sociais deberán converterse en verdadeiros centros de información, orientación, diagnóstico e intervención social.
3. Implementación de programas de desenvolvemento comunitario, que potencien as capacidades e a autonomía das persoas, dos grupos e das comunidades, así como o acompañamento persoal para mellorar a calidade de vida. Introducir mecanismos de participación da veciñanza na xestión dos servizos sociais.
4. O transporte público será gratuíto para todas as persoas con recursos económicos limitados. Garantiranse os subministros básicos a todas as persoas con recursos económicos limitados (auga, luz, gas).
5. Prestarase especial atención á cobertura das necesidades básicas da infancia, intensificando a coordinación dos diferentes servizos que interveñen para previr situacións de risco e actuar de forma rápida e eficiente cando estas sexan detectadas.
6. Municipalización dos centros de atención á infancia (escolas infantís e puntos de atención), centros de día, e en xeral, de todos os centros que prestan servizos sociais, así como a municipalización de servizos nestes centros que agora están en mans privadas (comedores, limpeza, etc).
7. Comedores escolares: garantir unha alimentación de calidade para o alumnado (débase priorizar alimentos de produtores/as locais ou da área de proximidade).
8. Garantir un avellentamento digno. Prover de servizos públicos, accesibles e de calidade que permitan facer efectivo o modelo de avellentado activo e reforzamento dos servizos de proximidade (axuda no fogar, xantarna casa, teleasistencia). Axudas municipais estables para asegurar as persoas coas pensións máis baixas (pensións mínimas e prestacións non contributivas) o mínimo necesario para vivir con dignidade.
9. Potenciar a inclusión social, cultural e laboral das persoas con diversidade funcional.
10. Desenvolvemento dunha política de vivendas de promoción pública seria, realista, clara e planificada, que beneficie os sectores máis afectados pola crise e con máis necesidades. Aumento/Creación de vivendas sociais en réxime de alugamento para as persoas que non poden acceder ao mercado habitual de vivendas, con especial atención ás persoas desafuzadas.
11. Eficacia no tratamento das políticas de igualdade. Non chega cun minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero, é preciso previr con cam-

- pañas de sensibilización, en especial nos centros educativos; volveremos abrir as casas de acollida; formaremos á policía local a través de programas reais e eficaces.
12. Elaboración de estratexias e ofertas de emprego público transparentes.
 13. Promoción dos dereitos de cidadanía para as persoas inmigrantes. Creación dun servizo de asesoramento xurídico sobre materia de estranxeiría.
 14. Desenvolvemento de accións encamiñadas a concienciación antirracista e antixenófoba.
 15. Promover a participación das diferentes comunidades de inmigrantes no tecido asociativo (AAVV, entidades culturais, etc) e nos organismos de participación cidadá para poder coñecer e atender de primeira man ás súas necesidades específicas.
 16. Fomento do voluntariado lingüístico dende o Concello para que as persoas recen chegadas poidan aprender a nosa lingua e se faciliten as relacións persoais entre a poboación inmigrante e a poboación local. Ofertar cursos de alfabetización en galego para a poboación adulta.

O dereito á saúde como garantido benestar social e a igualdade de oportunidades

A saúde é un dos dereitos humanos fundamentais, sendo unha parte fundamental para o benestar dende unha perspectiva de atención integral, un ben público global tanto de cada persoa como do colectivo, e parte da xustiza social e a igualdade.

Por iso, a sanidade é un servizo fundamental para a cidadanía, e pese a que o concello ten competencias moi limitadas nesta materia, traballaremos para garantir unha atención integral, universal e de calidade partindo do noso entorno máis próximo, o concello, dende o que implementaremos mecanismos encamiñados a asegurar a suficiencia nos recursos humanos, nas infraestruturas e nos servizos.

1. Creación de consellos municipais para poder consolidar a participación e o control democrático da cidadanía nos órganos de xestión de todas as institucións sanitarias.
2. Inversión e renovación dos equipamentos e dos centros sanitarios. (Nota: Punto a adaptar á situación concreta do concello) Dotación de centros de atención primaria acordes ás ratios de poboación (demandas concretas de construción de novos centros de saúde, cesión ao Sergas de terreo suficiente para a súa construción), coa dotación de persoal e infraestruturas que rematen co déficit existente, e garantir a supervivencia dos centros de saúde e consultorios xa existentes. Solicitar apertura de quendas de tarde nos centros existentes, atención de urxencias. Esixir atención pediátrica. Dotación de persoal especializado na atención á saúde mental.
3. Creación da Comisión de atención sociosanitaria, co obxectivo de ofrecer unha atención global que integre a perspectiva social e a sanitaria (Coordinación servizos sociais e atención primaria de saúde).

4. Apoio e colaboración coas asociacións de persoas enfermas e familiares do ámbito local e comarcal, para que estas asociacións sexan un referente para estes colectivos e poidan dar resposta ás diferentes necesidades que as súas doenzas lles ocasionan.
5. Desenvolvemento de programas de promoción e prevención da saúde, a través de iniciativas para o fomento de hábitos de vida saudables, a mellora da saúde buco-dental, iniciativas tendentes a redución do uso de produtos tóxicos.
6. Facilitar recursos e actividades para garantir unha boa educación para a saúde: a través de traballo divulgativo e preventivo na educación sexual, principalmente entre a xente moza, a educación sanitaria quer na infancia quer na adolescencia, e proporcionándolle á poboación en xeral información pedagóxica sobre os servizos e programas en materia de saúde existentes.

Acción feminista

Construamos concellos despatriarcalizados, para rematar coa violencia machista, o sexismo e a desigualdade

Despatriarcalizar significa construír o novo modelo social, económico e político, baixo un novo contrato social entre as mulleres e os homes, que desterre definitivamente o machismo, o sexismo e a misoxinia, que teña a centralidade especialmente posta no coidado da vida, tanto das persoas coma do planeta, con modelos sexuais e afectivos diversos e que se alimente sempre dos valores da Igualdade, a Solidariedade e a Paz.

Os nosos concellos células dun novo proxecto social

Eis os sete puntos onde fixarán prioritariamente a atención as novas corporacións:

1. Perspectiva de xénero en tódalas accións institucionais.
2. Emprego dunha linguaxe integradora en tódalas comunicacións institucionais.
3. Creación dun organismo municipal para a despatriarcalización.
4. Potenciar a economía feminista por riba da capitalista patriarcal actual.
5. Fornecer relacións de igualdade no desenvolvemento das atribucións da corporación.
6. Susbtituír nos Servizos Sociais municipais o modelo da beneficencia por outro que teña a renda básica das iguais.
7. Plan municipal contra a violencia machista.

Modelando novas relacións institucionais con perspectiva de xénero

ORGANISMOS PÚBLICOS MUNICIPAIS

Accións institucionais

1. Favorecer que nas cabezas de lista vaian mulleres como xeito de dar visibilidade ao noso compromiso real pola despatriarcalización, contrato por unha nova relación de poder.
2. Eliminar as relacións de poder patriarcal substituíndoas por outras horizontais no traballo dos grupos de goberno e nas relacións que se establezan fóra del.
3. Introducción da figura da profesional de resolución de conflitos nos concellos tanto para os conflitos que se xeren entre as persoas do grupo de goberno como nas relacións deste con outras forzas políticas, sociais ou cas persoas traballadoras municipais.
4. Rematar con calquera situación de maltrato laboral no concello e dar visibilidade ós tipos de situacións que poden favorecer esta lacra
5. Crear un código ético baseado na perspectiva de xénero como guía para os grupos de goberno.
6. Crear marcos orzamentarios con perspectiva de xénero: economía feminista.
7. Eliminación das normativas que impiden a apertura dos plenos municipais á veciñanza.
8. Aplicar nos medio de comunicación municipal a perspectiva de xénero

Asemblea municipal pola despatriarcalización

1. Organismo que terá como finalidade elaborar un estudo da situación das mulleres de cada concello, en distintos sectores do ámbito económico, social e laboral. Informar dos seus niveis de participación e realizar un estudo do impacto da violencia machista no entorno que lle compete.
2. Esta asemblea incidirá nas políticas que axuden a reducir a débeda de coitados socialmente adquirida coas mulleres nos ámbitos municipais.
3. A asemblea municipal pola despatriarcalización, fará un estudo específico dos indicadores patriarcais da vida municipal, en canto a modelos de participación e representación, uso dos tempos e organizacións dos espazos, e políticas municipais.
4. A asemblea municipal pola despatriarcalización terá voz nos plenos para realizar propostas de políticas que redunden na despatriarcalización, propostas de mellora ou críticas a actuacións concretas.
5. Obxectivos a desenvolver nos cen primeiros días: elaborar o regulamento de funcionamento e elección da Asemblea Municipal pola Despatriarcalización.

Servizos sociais

Obxectivos a desenvolver nos cen primeiros días:

- Elaborar o mapa de necesidades
- Revisar a dotación orzamentaria (auditoría)

Modelando novas relacións económicas máis achegadas á nai terra e as persoas

Economía

1. Favorecer no concello o desenvolvemento da media xornada laboral mediante contactos cas empresas, promoción da presión social...
2. Aumentar o horario de apertura dos servizos municipais á veciñanza como xeito de favorecer a relación institucional e laboral da veciñanza cando menos dalgunha das dependencias.
3. Favorecer nas empresas do concello a implementación de xornadas laborais que faciliten a conciliación familiar así como a redución do desemprego no concello.
4. Visibilizar a economía de coidados.

Medio

1. Visibilizar á nai terra como o espazo de relacións humanas dende unha perspectiva feminista a través do respecto á biodiversidade.
2. Recuperación do coñecemento dos usos da flora autóctona e de calqueira actividade tradicional que supoña a mellora e mantemento do equilibrio do medio.
3. Promover nas actividades económicas a sensibilidade cara o medio, e por tanto, desbotar calqueira acción que signifique unha agresión.

Modelando a nova sociedade dende o nacemento

Educación e xuventude

1. Introducir na educación das crianzas e xente moza o coñecemento da xestión das emocións e como estas inflúen nos conflitos interpersonais/familiares.
2. Plans de intervención creativos en conflitos sobre todo cando existe maltrato entre compañeiras.
3. Plans de educación sexual baseados nunha nunha relación positiva co propio corpo, despatriarcalización e desmitificación, que exercite na solidariedade, na toma de consciencia social, na afectividade, na igualdade.
4. Dotar os espazos educativos con melloras que favorezan unha relación co medio natural e cas persoas.

5. Fornecer ós concellos de espazos de lecer adaptados ás crianzas.
6. Acompañar ás asociacións e movementos populares na despatriarcalización das nosas tradicións.
7. Favorecer a difusión nos medios municipais de música, vídeos, cómics, literatura sobre todo aqueles con perspectiva de xénero ... que usen o copy left ou o creative commons en detrimento da cultura de masas.
8. Educar no uso das redes sociais como novos xeitos de relación humanas.

Sustentabilidade

Construamos concellos sustentables, nos que o coidado e mantemento da vida sexa o importante

A sustentabilidade basease nun consumo de recursos que non supere o que a propia natureza é capaz de repoñer. Supón un novo contrato entre a especie humana e a natureza, de xeito que preservemos tamén os recursos para as xeracións vindeiras. É un concepto moi transversal que debemos aplicar a todos os eidos da vida.

A xustiza social que anelamos, pasa necesariamente pola sustentabilidade económica e a igualdade, que precisan tamén da sustentabilidade ambiental. Carta de Aalborg, Conferencia Europea sobre Ciudades Sustentables. Dinamarca 1994.

Os nosos concellos, células nai dun novo proxecto económico

Eis os dez puntos onde fixarán prioritariamente a súa atención as novas corporacións municipais:

- I. Remunicipalización de servizos básicos: auga, lixo e transporte
- II. Creación de emprego, con bolsas de contratación pública para melloras de infraestrutura, recuperación e rehabilitación ambiental e da vivenda.
- III. Autosuficiencia enerxética
- IV. Potenciación dos mercados locais
- V. Potenciación de iniciativas de economía social (moeda social, bancos de recursos, cooperativas, troco, finanzas e seguros éticos)
- VI. Renda social por uns concellos libres de pobreza
- VII. Plan de residuos que os enfoque tamén como un recurso económico de alto valor.
- VIII. Vida municipal baseada na transparencia e a participación, cun código ético para o desenvolvemento da representación institucional.
- IX. Contas claras e de exposición pública.
- X. Traballar ca banca ética como ferramenta transversal para a consecución da sustentabilidade.

Modelando novos contratos enerxéticos entre os concellos e o planeta

Enerxía

1. Soberanía enerxética: concellos enerxeticamente autosuficientes.
2. Dotar de servizos de asesoramento para a instalación de produción de enerxía minieólica, fotovoltaica e de biomasa para autoconsumo ou balance neto.
3. Colocación de medios de xeneración renovables: pular por concellos autosuficientes.
4. Alumeadado público racional (farolas solares máis baixas, alumeadado de festas, etc.).
5. Sistemas de calefacción eficientes e baseados na enerxía renovable.
6. Obradoiros de formación sobre sistemas autosuficientes (quentador con botellas, fornos solares).
7. Plan de aproveitamento enerxético da biomasa (a nivel municipal e individual, cociñas/estufas de pouca xeneración de CO²).
8. Fomento da participación en cooperativas de enerxía.
9. Revisión/sustitución dos contratos coas grandes empresas enerxéticas, por contratos con distribuidoras alternativas (son enerxía, nosa enerxía...).

Obxectivos de desenvolvemento nos primeiros días: Xornadas para a planificación dos concellos para a era post-petróleo; Revisión e estudo de alternativas aos contratos e devida coas empresas enerxéticas.

Concellos valedores de proxectos industriais adaptados ao territorio, criadores de emprego e que respondan ás necesidades das persoas

Industria

1. Elaboración dun plan industrial municipal adaptado ás potencialidades do territorio.
2. Apoio ás industrias de produción sostible e produtos duradeiros.
3. Control, e no seu caso accións legais contra as industrias contaminantes e perigosas.
4. Apoio á industria de transformación de materias primas vinculadas ao territorio.
5. Recuperación dos polígonos industriais fantasma – creación de áreas verdes, bosques comestibles.
6. Fomento da reparación fronte á obsolescencia programada: iniciativas, educación.
7. Incentivo de iniciativas para uso de materiais non contaminantes.
8. Mellora estética dos polígonos, zonas verdes.
9. Xestión das naves abandonadas, municipalización, usufructo.
10. Potenciar a artesanía.

Os novos concellos axentes de soberanía alimentaria e custodia do territorio

Agricultura

1. Facer do sector agrícola un sector estratéxico que nos permita ter soberanía alimentaria.
2. Recuperación dos campos de cultivo mediante aluguer, usufructo ou compra).
3. Potenciar o desenvolvemento da agricultura ecolóxica.
4. Enfocar as feiras tradicionais como centros de articulación do comercio local.
5. Potenciación dos mercados municipais e lonxas.
6. Articular a nivel municipal e supramunicipal, mercados de excedentes agrícolas.
7. Incentivar/recuperar o cultivo de variedades rústicas.
8. Constituírse en concellos libres de transxénicos.
9. Articular a creación de hortas urbanas.
10. Incentivar o cooperativismo.
11. Recuperación dos terreos agrícolas comunais e ecosistemas agrarios.
12. Coñecemento do patrimonio inmobiliario de terras do concello: exposición pública.
13. Potenciar a vida no rural (aluguer, usufruto, restauracións) e dotación e mantemento das infraestruturas básicas.

Obxectivos a desenvolver nos primeiros días: Elaboración do catálogo de propiedades agrícolas e forestais do concello. Comezar a xestionar terreos baldíos. Inicio tramitación de hortas urbanas.

Gandeiría

1. Fomentar a cría ecolóxica, natural e sen sufrimento animal.
2. Minimizar a estabulación.
3. Sacrificio digno e transporte seguro e sen sufrimento.

Obxectivos a desenvolver nos primeiros días: Elaboración do mapa das granxas do concello e calendario de contactos. Preparación do calendario de actividades divulgativas. Incentivar a transformación das materias primas (lácteos, doces, embutidos) e a súa distribución en mercados de proximidade.

Silvicultura

1. Unha verdadeira política forestal municipal: desde os concellos debe apoiar o aproveitamento económico do monte, baseado na sustentabilidade e na multifuncionalidade (alén do aproveitamento forestal) e recoñecer os dereitos de propiedade comunais.

2. Diversificar o cultivo de especies escapando do monocultivo.
3. Iniciativas de recuperación do bosque como concepto harmónico e diverso en variedades.
4. Explotación integral dende froitos do bosque, setas, froitos secos.
5. Explotación da biomasa: pelets, madeira.
6. Creación de –bosques comestibles.
7. Recuperación de montes comunais.
8. Mantemento de camiños tradicionais
9. Actividades que incentiven o mantemento do bosque autóctono (sendeirismo, arte, etc).
10. Incentivo da transformación das materias primas (doces, conservas, madeira, etc...

Obxectivos a desenvolver nos cen primeiros días: Creación das unidades municipais para a xestión do monte.

Pesca

1. Apoiar a pesca artesanal.
2. Políticas de recuperación de caladoiros.
3. Control ou eliminación de especies alóctonas.
4. Respecto ós ritmos de crianza.
5. Incentivar o uso e consumo e utilización de algas como fonte de recursos económicos.
6. Reformular a acuicultura.
7. Reorganización do sector pesqueiro e marisqueiro a nivel municipal (furtivismo, lonxas, mercados).
8. Incentivar proxectos de transformación das materias primas derivadas do marisqueo e pesca.
9. Fortalecer os mercados de proximidade e as lonxas potenciando o consumo de produtos locais.
10. Apoiar reformas lexislativas que democratizen as confrarías.

Por un ordenamento do territorio para construíre espazos onde se desenvolva e preserve a vida

Urbanismo

1. Construír mediante procesos participativos os modelos de cidade, vila, concello, que orienten o desenvolvemento urbanístico.
2. Realizar, con procesos participativos, os pxom alí onde non os hai para evitar a especulación.
3. Desde os concellos débese garantir unha vivenda digna e axeitada (que mesmo a c.E. Recolle no seu artigo 47). Débese dinamizar o aluguer, compra, e mellora da vivenda unifamiliar. Hai que priorizar a recuperación de

- núcleos históricos e núcleos rurais. É obrigado a creación de solo urbano para vivenda protexida.
4. Plan de transporte municipal que contemple a conexión intermunicipal mediante tranvías ou trens de cercanías.
 5. Apoiar a rehabilitación fronte á nova construción.
 6. Apoiar a bioconstrución ou construción sostible.
 7. Calendario de obras previstas de dominio público con orzamentos, etc
 8. Xestión devivendasebaixos abandonados ou deshabitados: aluguer, usufructo.
 9. Evitar a xentrificación.
 10. Elaborar plans de mellora estética.
 11. Mellorar a mobilidade eliminando barreiras arquitectónicas (beirarrúas elevadas, farolas, etc).
 12. Racionalización do tráfico: fomentar a peatonalización, zonas 20, pasos de peóns amplos.
 13. Plans para converter zonas verdes en zonas de cultivo xestionadas pola veciñanza e apoio técnico municipal.
 14. Plan municipal para liberar os espazos públicos da propaganda ostentosa
 15. Construír un modelo alternativo a sogama baseado na redución, reutilización, reciclaxe e compostaxe a través do sistema porta a porta (ensaiado con éxito en euskadi). Cooperación comarcal para a xestión descentralizada do lixo.
 16. Fomentar o uso do comercio local a través de actuacións no entramado urbano.
 17. Rede wifi municipal que garanta o acceso á internet.
 18. Identificar as zonas libres de ondas electromagnéticas.
 19. Recuperación de entornos urbanos degradados.

Por uns servizos públicos municipais a oservizos da solidariedade, a igualdade e o desenvolvemento humano

1. Pular por uns servizos sociais baseados na idea da renda básica e non na beneficencia.
2. Creación de redes de apoio e infraestruturas públicas (comedores, escolas infantís, acompañamento, atención á dependencia...) Que socialicen os coidados, favorezan a conciliación familiar e laboral e compensen desigualdades.
3. Plan municipal para a participación social das minorías étnicas.
4. Plan municipal de loita contra a violencia machista.
5. Rede municipal de pisos de emerxencia.
6. Plan municipal de atención a transeúntes e –sen teito.
7. Actividades transxeracionais nas que a xente xubilada poida seguir en activo se así o quixer en función dos seus coñecementos ou intereses.
8. Centros de saúde holísticos, sobre todo ca xente máis maior ou enfermas crónicas con terapias alternativas.

9. Mellora de infraestruturas, estética e ambiental dos centros de saúde, deportivos e educativos.
10. Piscinas cunha xestión da auga sustentable, sistemas de depuración sen cloro, climatización con renovables.
11. Plan de mellora da policía municipal con enfoque máis educativo ou coercitivo, que punitivo.

Por uns concellos que asinen un novo contrato de relación co resto das especies

1. Declaración que considere aos animais como suxeitos de dereitos.
2. Prohibición de calquera espectáculo no que se empreguen animais (circos, feiras, touradas).
3. Peche dos zoos municipais entendidos como tales.
4. Persecución de pelears con animais.
5. Persecución do abandono e prácticas crueis.
6. Control dos animais exóticos a ser posible devolución ó seu hábitat ou a espazos de recuperación.
7. Rexeitar o uso de animais en investigación: facer público un listado empresas que si o fan.
8. Crear zonas de convivencia canina e humana.
9. Escola municipal para a educación no relacionamento e coidado animal.
10. Creación de protectoras intermunicipais e fomento das adopcións.
11. Creación de hábitats municipais para gatos.
12. Atención veterinaria municipal con sinatura de contratos de colaboración con clínicas locais.

Obxectivos a desenvolver nos cen primeiros días: Estudo sobre as condicións da protectora municipal ou da máis próxima. Viabilidade para a creación dunha de ámbito municipal/comarcal. Estudo sobre a viabilidade e óptima localización de hábitats para gatos.

ECONOMÍA SOCIAL, EMPREGO, COOPERACIÓN E DESENVOLVEMENTO LOCAL

1. Cambio de modelo desde o eido local: economía social e comunitaria, baseada nos eixos da cooperación, igualdade e solidariedade, posta en valor do común fronte ao propio, para o fomento do traballo digno e da nova riqueza local.
2. Promoción do modelo social fronte ao tecido económico tradicional a través da pedagogía e do fomento do común.
3. Priorización das medidas de protección social no investimento municipal. Loita contra a exclusión económica e social.
4. Tecido económico local: bens e servizos. Defensa do pequeno comercio e da pequena empresa. Viveiro de creación de empresas locais orientadas ao cooperativismo e á promoción do asociacionismo.

5. Desde os concellos débense impulsar medidas e investir os limitados recursos que existen tamén no fomento do desenvolvemento local: dispoñibilizar infraestrutura (moitas veces xa existente nos concellos), recursos e medidas impositivas favorecedoras para persoas emprendedoras en situación de desemprego, ou en precario.
6. Desenvolvemento económico local. Aposta polo tecido económico local e comarcal: Comercio local e de proximidade. Inversión nos Mercados de abastos e comercio retailista onde comercializar produtos da comarca e das áreas de proximidade, ademais do produto feito en Galiza. Débese priorizar a agricultoras/es locais e a venda directa.
7. Posta en valor do rural. Banco de terras municipal e fomento de cooperativas locais. Promoción de estruturas cooperativas formadas por pequenos produtores.
8. Realización do ciclo completo de produción e venda no eido local.
9. Posta en valor do “feito a man” e recuperación do traballo tradicional.
10. Aposta polo Turismo sustentábel e respectuoso co medioambiente, co territorio e a poboación.
11. Revisión dos parámetros de contratación pública. Compromiso de rebelión contra a reforma local. Novo procedemento de contratación administrativa, onde se introduzan cláusulas ás empresas de estabilidade e calidade laboral para os seus empregados e empregadas.
12. Auditoría da débeda. Non recoñecemento da aquela considerada ilegítima.
13. Banca cooperativa local.
14. Participación veciñal na planificación económica.
15. Fiscalidade revertida no local. Revisión de porcentaxes.
16. Creación dunha rede de segunda man de bens.
17. Creación de rede solidaria para o intercambio de bens e servizos.
18. Moeda local.
19. Elaboración dun programa de cooperación internacional
20. Adhesión ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

Lingua

1. Elaboraremos en cada Concello unha Carta de Dereitos Lingüísticos, coa colaboración de asociacións cívicas e culturais, veciños, etc.
2. Comprometémonos a elaborar e poñer en funcionamento un Plan de Normalización adecuado á realidade e ás necesidades de cada concello. Para iso, cumprirá a colaboración e a implicación directa dos diferentes sectores da sociedade civil.
3. Os concellos deben ser o motor dun novo proceso de normalización lingüística que faga fincapé nas zonas máis febles da lingua: dereitos lingüísticos dos falantes, a conservación da lingua nas familias e, por tanto,

- a súa transmisión. E o galego como lingua de instalación de infancia e mocidade.
4. A política lingüística de cada concello ten que estar orientada a que este se converta nun ámbito de garantía plena de respecto e cumprimento dos dereitos lingüísticos dos falantes. Na medida das súas posibilidades, cada concello debera garantir a posibilidade de que cada persoa poida desenvolver en galego a totalidade da súa vida.
 5. Galeguización de todas as comunicacións do Concello e, consecuentemente, decalquera empresa concesionaria, entidade colaboradora. Garantirase todo o papeleo en galego.
 6. Facer especial fincapé en promover o uso da lingua na infancia e na xente nova. A través das escolas infantís, das actividades deportivas ou escolares e de toda clase de actividades pensadas para estas idades. Cumprirá implicar os nenos e adolescentes activamente nos procesos de normalización mediante a convocatoria de concursos (un concurso escolar anual, por exemplo, sobre calquera aspecto da etnografía galega, da cultura, dos modos de vida contemporáneos, etc.)
 7. Dar a coñecer e pór en valor o idioma en todos os ámbitos mediante cursos e actividades, non só para falalo e escribilo correctamente, que tamén é necesario, senón para situalo no imaxinario dos diferentes grupos de usuarios como unha ferramenta socialmente útil e viva.
 8. Os concellos deberán establecer fórmulas que, co apoio e a colaboración activa da cidadanía, cubran os baleiros que as políticas lingüísticas oficiais poidan ter. Pensamos, por exemplo, no mundo do ensino, na dinamización de espazos de socialización dos diferentes usos lingüísticos, etc.
 9. Recuperación, posta en vigor e uso exclusivo da toponimia galega.
 10. Programas de dinamización e concienciación do comercio local en relación co prestixio do uso da lingua, coa necesidade de relacionarse cos usuarios na súa lingua e coa conveniencia de ofrecer aos posibles clientes valor engadido de calidade.

Cultura

1. Promoción prioritaria de todas aquelas manifestacións culturais e artísticas que teñan como soporte a lingua galega.
2. Posibilitar infraestruturas/ferramentas/diñeiro para que a cultura de base se desenvolva e se difunda.
3. Crear unha Rede de Comunicación Cultural entre todos os concellos.
4. Conservación do patrimonio histórico- artístico, natural e construído e aproveitamento dos recursos que ofrece. Censo, posta en valor, estudo e divulgación.

5. Oposición ao IVE cultural, ao canon das bibliotecas, á cota da SGAE. Busca de alternativas.
6. Recuperación ou mantemento das festas tradicionais así como de cantigas, contos, xogos, lendas, música, baile, gastronomía... Promoción, estudo e difusión.

Comunicación e medios

1. Practicar a transparencia real, non só a tocante a publicar soldos, que tamén. Partir da máxima de que a cidadanía ten dereito a saber tanto como calquera membro da corporación sobre o que se fai cos seus cartos.
2. Información directa a través dos medios propios. Dando prioridade á web municipal e as súas redes sociais fronte ás clásicas notas/rodas de prensa.
3. Retransmisión dos plenos en directo a través da rede.
4. Traballar a prol da participación/reponsabilización da veciñanza na cousa pública.
5. Fomentar os medios de comunicación libres e locais.

Mocidade

A mocidade como suxeito político particular e diferenciado

Amocidade galega, intrinsecamente, comparte unha particular e diferenciada visión da sociedade capitalista e patriarcal. As problemáticas relacionadas co eido laboral, acceso á vivenda propia, a experimentación da súa sexualidade, a participación e vinculación política, entre outras moitas, constitúen o eixo do esfarelamento social entre os máis novos.

Anova-Irmandade Nacionalista entende que a mocidade é, e debe ser, o motor de arranque dun cambio de réxime e da propia mobilización e contestación social, coa que cómpre traballar para visualizar á súa propia realidade, así como as alternativas propostas ao modelo actual desde a súa visión, avanzando cara un escenario de ruptura. Consideramos que o traballo no ámbito xuvenil debe aportar a súa perspectiva de xeito transversal aos diferentes eixos de traballo que Anova este a desenvolver.

Espazos e modelos de socialización

A mocidade é o colectivo que máis tempo pasa na rúa, relacionándose, experimentando e descubrindo. É na rúa onde se expresan as inquietudes e se buscan as solu-

cións. A lexislación actual na meirande parte dos concellos galegos limitan e sancionan moitas das actividades que se levan a cabo nas rúas, regulando o espazo público dun xeito que impiden, mediante trámites burocráticos e económicos a realización de actividades e actos a toda organización que desexe utilizar ditos espazos.

A consecuencia fundamental desta privatización do espazo público é a situación actual, na que os diferentes espazos de lecer están xestionados e pensados desde unha óptica adulta que exclúe a mocidade da capacidade de decidir cales son as diferentes opcións de lecer nas que quere participar.

A súa vez, configúrase un modelo de lecer que promove o consumismo, o sexismo e o individualismo, rematando moitas veces na drogodependencia, fomentando a alienación para facer máis soportable a precariedade existente entre a propia mocidade.

Ideas forza para un programa municipal no 2015

1. Facilitar o uso do espazo público.
2. Defensa dos espazos liberados e autoxestionados.
3. Retirada de leis de civismo que afecten ao desenvolvemento da mocidade.
4. Cesión de parte da xestión dos equipamentos públicos a mocidade asociada e/ou organizada.
5. Promoción de actividades de lecer que non se baseen no consumismo, senón que teñan como obxectivo fomentar a interrelación entre a xente moza.
6. Recuperación de espazos da mocidade como as Casas da Xuventude, fortemente mermadas pola administración pública.

Debe ser prioritario para Anova-Irmandade Nacionalista aglutinar, dar voz e apoiara aqueles colectivos e grupos de mozas e mozos que traballan pola reivindicación de espazos propios para poder desenvolver as súas actividades, xa sexa mediante o uso de espazo público, de espazo autoxestionado, alugueiros ou espazos municipais.

Traballo e precarización laboral

A principal causa da precariedade xuvenil pasa pola precariedade laboral. Con traballo non declarado, non remunerado na casa, os minijobs, os traballos de baixa cualificación, as malas condicións de traballo, a escaseza de ingresos e a baixa, ou nula, protección social da mocidade.

Ideas forza para un programa municipal no 2015

1. Crear unha bolsa de traballo xuvenil que permita dar saída laboral a través de empresas privadas e de contratación pública en empresas públicas, servizos remunicipalizados, etc...

2. Utilización dos recursos propios do territorio para convertelos en motor económico e unha posíbel fonte de creación de postos de traballo.
3. Apoiar e asesorar ás mozas e mozos precarios a través de diferentes servizos dos que dispoñen os concellos.

Debe ser prioritario para Anova-Irmandade Nacionalista aglutinar, dar voz e apoiar a aqueles colectivos e grupos de mozas e mozos que traballan pola reivindicación dos dereitos laborais da mocidade, e ao mesmo tempo tentar fomentar a creación de redes de apoio mutuo en coordinación con outras organizacións da esquerda independentista que traballen neste ámbito, para así entre todas facer fronte a esta situación.

Vivenda e emancipación

A mocidade ten a necesidade de atopar espazos propios onde poder desenvolver os seus proxectos de vida, onde ter intimidade, relacionarse e atopar a súa autonomía con respecto ao entorno familiar. Esta necesidade de emancipación domiciliaria ou habitacional é un aspecto fundamental para a resolución, persoal e/ou colectiva, dos conflitos de autonomía e dependencia tanto materiais como simbólicos. Porén, na actualidade existen unha serie de elementos que fan imposible esta emancipación.

Ideas forza para un programa municipal no 2015

1. Creación dunha –Mesa pola vivenda municipal– na que a mocidade poda participar e que non sexa unicamente consultiva.
2. Creación dunha Bolsa Municipal de Vivendas
3. Facilitar un servizo de información, asesoría técnica e xurídica para casos de mobbing ou acoso.
4. Posicionarse coas afectadas dos procesos de execución hipotecaria.
5. Crear servizos de información sobre os procesos de transformación urbana e a infraestrutura necesaria para promover e facilitar a participación cidadá neste tipo de procesos.
6. Apoiar aquelas ocupacións de vivendas e locais que fiquen abandonados durante moito tempo e pretenden desenvolver e crear espazos de uso social e aberto á cidade/vila.

Debe ser prioritario para Anova-Irmandade Nacionalista aglutinar, dar voz e apoiar a aqueles colectivos e grupos de mozas e mozos que traballan pola reivindicación dunha vivenda digna para a mocidade e para o conxunta da sociedade e que, á súa vez, están a denunciar a situación actual deste sector.

Dereitos sexuais e roles de xénero

Anova-irmandade Nacionalista entende que vivimos nunha sociedade heteropatriarcal baseada na explotación das mulleres a través da división sexual do traballo e que

perpetúa a opresión destas coas institucións sociais e políticas nas que se sustenta: familia, matrimonio, igrexa, escola e estado. En base a esta situación, a mocidade vese abocada a reproducir os roles impostos desde as diferentes estruturas xa mencionadas.

Ideas forza para un programa municipal no 2015

1. Creación de Centros de Saúde Sexual e Reprodutiva para a mocidade (Exemplo dos centros Quérote).
2. Realización de palestras específicas para a mocidade nos que se trate información sobre métodos anticonceptivos non agresivos.
3. Fomentar que se aborde nas escolas públicas os temas de desenvolvemento e saúde sexual dun xeito integral, feminista, non criminalizadora das opcións e das identidades sexuais diversas e sobre todo non centrada na penetración.
4. Fomentar puntos de debate onde se podan abordar temáticas como a violencia de xénero e sexual dunha forma comunitaria e empoderadora e non/non só asistencialista.

Debe ser prioritario para Anova-Irmandade Nacionalista aglutinar, dar voz e apoiar a aqueles colectivos e grupos de mozas e mozos que traballan pola concienciación neste ámbito, e que pretende fomentar espazos para abordar as problemáticas existentes dun xeito colectivo e feminista. Traballar para cambiar o modelo de servizos de información dos municipios para que se integren os diferentes puntos especificados anteriormente.

Fontes:

Este documento sobre mocidade foi redactado por [Anova – Irmandade Nacionalista](#) a partir de material escrito e debates sobre a mocidade e a súa situación actual. Para a redacción deste texto utilizáronse textos e ideas aportadas por diferentes compañeiros e compañeiras de:

- A Trobada Popular Municipalista
- [Marea de Vigo](#)
- [Marea de Pontevedra](#)
- [Marea Atlántica](#)